

A VERGOÑA

Ingmar Bergman, 1968

1742

ESTREA EN NUMAX: 09.05.2026 | V.O.S.E. | 99'

Fuxindo da guerra civil que asola o seu país, Jan e Eva Rosenberg, dous músicos, van vivir a unha illa completamente apartados do mundo. Levan unha vida sinxela e apracible, preocupados unicamente pola música. Até que un día chegan uns soldados e todo muda radicalmente. A parella é arrestada baixo a acusación de colaborar coas forzas rebeldes. Ao fronte da unidade militar que ten a misión de defender a illa está o coronel Jacobi, un antigo amigo de Jan e Eva. Pero isto non fará máis ca empeorar a situación.

«Presentando a guerra como unha forza destrutiva cegadora, Bergman úsaa como pano de fondo da verdadeira dor. Unha obra mestra»

Tom Milne, TIME OUT



Unha embarcación á deriva

En 1968, no medio da escalada de violencia en Vietnam así como da invasión soviética de Checoslovaquia, Bergman estreou *A vergoña*, unha película atípica dentro da súa extensa filmografía de Bergman, non só pola temática, senón que tamén polo seu plantexamento. Ao longo da primeira etapa da súa carreira, Bergman incidiu en temas como a fe, a soidade ou a morte. En 1967, antes da chegada aos cines d'*A hora do lobo*, Bergman escribe o guión d'*A vergoña*, na que trata por primeira vez a temática da guerra que non tivera ata ese momento un oco no cinema existencialista e metafísico de Bergman. O director comezou a contemplar a necesidade de dirixir unha película sobre a guerra xusto despois de ver un documental no que se expoñían as penurias ás que era sometida a poboación civil de Vietnam. Nese momento, a cabeza do cineasta é asaltada por cuestións tales como cal sería a súa postura no caso de que o seu país fose invadido por agresores estranxeiros ou cal sería a súa resposta ante a violencia física ou psíquica. «Para facer unha película de guerra é preciso representar a violencia cometida tanto cara aos grupos como cara aos individuos. No cine americano a representación da violencia ten unha gran tradición. No Xapón, converteuse nun ritual maxistral. Cando fixen *A vergoña* sentín o intenso desexo de expoñer a violencia da guerra sen restricións», sinala.

A vergoña é unha sorte de rareza dentro da obra de Bergman. Mentres que en gran parte dos seus traballos os seus protagonistas se debaten contra os seus demos internos, a tolemia, o ambiente familiar ou as tribulacións de carácter existencial, nesta película a parella de artistas loita contra unha situación que lle é allea. O resto do país desángrase no medio dunha guerra á vez que Eva e Jan Rosenberg seguen adiante cos seus quefaceres e mesmo valoran plans de futuro como ter un fillo. A situación cambia paulatinamente ata que toda a súa contorna salta literalmente polo aire. A crúa realidade maniféstase ante eles con toda a súa intensidade. Todos os seus veciños sucumben, excepto eles, que vivirán o suficiente como para ser testemuñas de excepción das atrocidades e do odio.

En certo xeito, *A vergoña* pode ser entendida como un exercicio introspectivo. Bergman manifesta os seus temores a través dos seus personaxes. Realiza unha caste de experimento no que somete a dous artistas ao horror da guerra mentres tratan de buscar unha explicación no seu castelo de marfil. Nin sequera a súa condición de individuos neutrais será suficiente para salvarlos. As sospeitas así como a manipulación dos feitos a través dos medios de comunicación saltan á palestra conducíndoos cara ao seu inferno particular, onde mesmo estoupan os alicerces da súa relación. A este respecto, Bergman disecciona o complexo mundo das relacións de parella, tal e como faría con posterioridade en títulos como *O caruncho* (1971) ou *Segredos dun matrimonio* (1973). «A vergoña non vai sobre as bombas senón sobre a infiltración gradual do medo. Pero non é o suficientemente precisa. A miña idea orixinal era mostrar tan só un día completo antes de que a guerra estalase. Pero empecei a escribir cousas, e todo foi mal, non sei por que. Cando fas unha película deste tipo debes ser moi duro contigo mesmo. É unha cuestión moral», chegou a sinalar o cineasta.

A vergoña é unha película sórdida, un retrato descarnado dos desastres da guerra. O seu dramatismo está potenciado pola potente fotografía en branco e negro de Sven Nykvist así como polos perturbadores efectos visuais e sonoros que, mesmo desde os títulos iniciais, transmiten unha sensación de confusión no espectador. Bergman vai até o fondo para salientar o máis cínico da especie humana. Ao final, coma se se tratase da balsa de Caronte –aquela que conduce ás almas dos condenados ao Inferno–, os protagonistas finalizan nunha embarcación á deriva. A guerra e as súas propias miserias condenáronos ao Averno.